

SÍNTESE DO “BORRADOR DO PROXECTO DE DECRETO PARA O PLURILINGÜISMO NO ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA” Presentado polo goberno galego o 13 de marzo de 2010

O Decreto para o plurilingüismo

A Xunta de Galicia dá un paso máis na reforma do Decreto que regula o emprego das linguas vehiculares do ensino, co Borrador do Proxecto de Decreto para o plurilingüismo no ensino non universitario.

A normativa actualmente en vigor (o Decreto 124/2007) garantía o 50% da docencia en galego, mentres que a anterior (o Decreto 247/1995) xa contemplaba ese 50%.

A finais do ano 2009, o goberno presentara un documento para o debate que establecía en Educación Primaria, ESO e Bacharelato un 33% do horario lectivo en galego, un 33% en castelán e un 33% en lingua(s) estranxeiras(s).

No Borrador presentado agora como paso previo á súa aprobación definitiva, márcanse algunhas materias que deberán ser impartidas en galego e en castelán, respectivamente, e déixase aberta a posibilidade de incorporar unha lingua estranxeira (o inglés, nomeadamente) como lingua vehicular.

Entre as novidades máis importantes que contempla a nova normativa, está o feito de que as familias poderán elixir, en certa medida, a lingua vehicular que se debe empregar cos seus fillos/as.

De todo o texto presentado desaparece o termo *normalización*. Globalmente, a proposta parece concibirse desde a idea de que as dúas linguas cooficiais de Galicia están nunha posición de partida semellante, pero dalgúns epígrafes da proposta dedúcese a necesidade de *dinamizar* a lingua galega.

O novo Decreto entrará en vixencia no curso escolar 2010-11.

Emprego das linguas vehiculares por etapas educativas

EDUCACIÓN INFANTIL	<ul style="list-style-type: none"> Utilizarase a <i>lingua predominante</i> entre o alumnado tendo en conta a <i>lingua do contorno</i>. Coidarase que o alumnado adquire o coñecemento da outra lingua, tanto de forma oral como escrita. Para determinar a <i>lingua predominante</i> pediráselles ás familias que declaren, no momento da inscrición, a <i>lingua materna</i> dos seus fillos/as.
EDUCACIÓN PRIMARIA	<ul style="list-style-type: none"> <i>Coñecemento do Medio</i> será impartida en galego. <i>Matemáticas</i> será impartida en castelán. Cada catro anos as familias serán consultadas, e poderán intercambiarse as linguas destas dúas áreas. Cada centro decidirá, cada catro anos, a lingua en que se impartirá cada unha das áreas restantes, garantindo a mesma porcentaxe de horas semanais entre galego e castelán.
ESO	<ul style="list-style-type: none"> <i>Ciencias Sociais</i> (ou <i>Xeografía e Historia</i>) e <i>Ciencias da Natureza</i> (ou <i>Bioloxía e Xeoloxía</i>) serán impartidas en galego. <i>Matemáticas, Física e Química e Tecnoloxías</i> serán impartidas en castelán. Cada catro anos as familias serán consultadas, e poderán intercambiarse as linguas destes dous bloques de materias. Cada centro decidirá, cada catro anos, a lingua en que se impartirá cada unha das materias restantes, garantindo a mesma porcentaxe de horas semanais entre galego e castelán.

Outros aspectos recollidos no borrador do novo Decreto

<ul style="list-style-type: none"> O alumno/a poderá usar a lingua da súa preferencia, oralmente e por escrito, agás nas clases de linguas. 	LINGUA DO ALUMNADO
<ul style="list-style-type: none"> Os materiais curriculares e os libros de texto de cada materia estarán redactados na lingua na que se imparta. Os materiais didácticos que se empreguen estarán centrados, tamén, na realidade galega. 	MATERIAIS CURRICULARES E LIBROS DE TEXTO
<ul style="list-style-type: none"> Os Xefes/as dos Departamentos de Linguas e o Coordinador/a do EDLG, como mínimo, redactarano. Contemplará a distribución das linguas vehiculares, resultados das consultas ás familias... Elaborarase cada catro anos, cunha addenda anual. 	PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO
<ul style="list-style-type: none"> Desaparece a denominación de <i>Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística</i>. Participarán neles o profesorado, o alumnado e o persoal non docente. 	EQUIPOS DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA
<ul style="list-style-type: none"> Recupérase, durante un máximo de dous anos, a posibilidade de solicitar a exención da cualificación na materia de Lingua Galega, algo que a anterior normativa non contemplaba. 	EXENCIÓN DA CUALIFICACIÓN EN LINGUA GALEGA
<ul style="list-style-type: none"> Serán reguladas nunha Orde posterior. 	CONSULTAS ÁS FAMILIAS
<ul style="list-style-type: none"> O texto obriga á Consellería de Educación a avaliar o nivel de competencia do alumnado nas dúas linguas. Os centros poderán decidir a utilización dunha lingua estranxeira (nomeadamente, o inglés) como lingua vehicular ata nun máximo dun terzo do horario, consultando ás familias e respectando o equilibrio entre galego e castelán no resto do horario lectivo. 	AVALIACIÓN DA COMPETENCIA LINGÜAS ESTRANXEIRAS
<ul style="list-style-type: none"> A administración elaborará un plan específico para este alumnado. Establecerase un plan de potenciación en cada centro, en especial nas actividades non lectivas.. 	ALUMNADO CON NEE POTENCIACIÓN DO GALEGO

Emprego das linguas vehiculares por etapas educativas (cont.)

<ul style="list-style-type: none"> Cada centro decidirá, cada catro anos, a lingua en que se impartirá cada unha das materias, garantindo a mesma porcentaxe de horas semanais entre galego e castelán, tendo en conta as materias comúns, de modalidade e optativas. 	BACHARELATO
<ul style="list-style-type: none"> Cada centro decidirá, cada catro anos, a lingua en que se impartirá cada unha das materias e módulos, garantido a mesma porcentaxe de horas semanais entre galego e castelán. En todos os módulos garantirase que o alumnado coñeza o vocabulario específico nas linguas oficiais. 	FORMACIÓN PROFESIONAL
<ul style="list-style-type: none"> Cada centro garantirá que o alumnado alcance a debida competencia lingüística en galego e en castelán. Establecerase un plan específico para a poboación inmigrante con formación lingüística e coñecementos históricos e socioculturais de Galicia. 	ENSINANZAS DE PERSOAS ADULTAS